



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 163-2026.

XIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 10 E SUB 12

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, o 24 de outubro na pista de atletismo Luis Nogueira (O Barco), o Campionato Xunta de Galicia de Clubs Sub 10 e Sub 12, logo do seu aprazamento.

Art.2).- Poderán intervir os clubs que se relacionan a continuación e que contaban coa condición de equipo participante segundo o recollido nas circulares [131-2026](#) e [133-2026](#).

SUB 10 - FEMININO

ADAS CUPA
Atletismo Deza
Atletismo Piringalla
Club Alancar Atletismo
Club Atletismo Naron

SUB 10 - MASCULINO

ADAS CUPA
Atletismo Deza
Atletismo Piringalla
Lucus Caixa Rural Galega
Sanysec – Club Ourense Atletismo

SUB 12 - FEMININO

ADAS CUPA
At. Femenino Celta
Atletica Lucense
Atletismo Deza
Atletismo Piringalla
CA Millaraio
CD La Purísima
Club Alancar Atletismo
Club Atletismo Naron
Ferrol Atletismo
Lucus Caixa Rural Galega
S.G. Pontevedra
Sanysec – Club Ourense Atletismo
Sociedade Atletica Vila de Vigo

SUB 12 - MASCULINO

ADAS CUPA
Atletica Lucense
Atletismo Deza
Atletismo Obradoiro
Atletismo Piringalla
CA Millaraio
CD La Purísima
Club Alancar Atletismo
Club Atletismo Naron
Olympo As Pontes
R.C. Celta
Sanysec – Club Ourense Atletismo
S.G. Pontevedra

Art.3).- Poderán participar atletas Sub 10 e Sub 12 pertencentes aos clubs clasificados e aos seus asociados, coas seguintes limitacións:

- Cada atleta poderá participar nunha proba individual e na remuda.
- Número máximo de participacións de clubs asociados por equipo: 2

Por acordo da Comisión de Clubs non se permitirá a participación de ningún Club nin atleta fora de concurso.

Art.4).- Prazo extraordinario de comunicación de renuncias.

- Rematará ás 14:00 horas do xoves 15 de outubro e serán remitidas a eventos@atletismo.gal



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.5).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 19 de outubro.

- Cada equipo deberá realizar inscrición nun mínimo de 7 probas, non sendo admitidos aqueles que non cheguen a dita cifra.

Art.6).- O/a delegado/a oficial de cada Club poderá efectuar un máximo de 3 trocos na composición do seu equipo ata 10 minutos antes do peche de cámara de chamadas.

- Deberase confirmar a participación dos equipos de remudas antes das 18:00 horas, momento a partir do cal:
 - o Axustarase o horario das remudas. O mesmo comunicárase por megafonía ou por calquera outro medio do que se dispoña.
 - o Poderanse modificar os integrantes ate o tempo establecido.
- Os cambios efectuados nas probas de remudas non se contabilizarán.

Art.7).- Cámara de chamadas

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras e marcha	5'
Remudas	7'
Concursos	20'

Art.8).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Na proba de marcha deberán levar 2 dorsais (no peito e nas costas).
- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.9).- Sorteo de estaxes e orde de actuación.

- Por acordo da Comisión de Clubs, realizarase un sorteo aleatorio en cada unha das probas.

Art.10).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 60' antes do comezo da súa proba.

Art.11).- En lanzamentos e saltos horizontais os/as atletas disporán de 4 intentos, sen cambio de orde.

Art.12).- Distancia da táboa de batida: 1 m.

Art.13).- Cadencias nos saltos verticais.

Altura Sub 10	0.80 – 0.87 – 0.92 – 0.96 – 1.00 e de 3 en 3 cm.
Altura Sub 12	-10 1.00 – 1.07 – 1.12 – 1.16 – 1.20 e de 3 en 3 cm.

- Non se realizará desempate polo primeiro posto.

Art.14).- Horario (poderá ser modificado en función das inscricións).

CTO. XUNTA DE GALICIA DE CLUBS SUB 10 E SUB 12							
HORA	CARREIRAS			ALTURA	LONGITUDE	PESO	PELOTA
16:30	2000 marcha	Homes	Final	Altura Sub 10 H e M	Longitude S12 Homes		Pelota S12 Mulleres
16:55	2000 marcha	Mulleres	Final				
17:20	1000 marcha	H e M	Finais				
17:35	1000 Sub 12	Homes	Final	Altura S12 Homes	Longitude S12 Mulleres		
17:40							Pelota S12 Homes
17:43	1000 Sub 12	Mulleres	Final				
17:50						Peso S10 H e M	
17:51	1000 Sub 10	H e M	Finais				
17:59	500 Sub 12	Homes	Final				
18:05	500 Sub 12	Mulleres	Final				
18:11	500 Sub 10	H e M	Finais				
18:19	60	Homes	Final A				
18:24	60	Homes	Final B				
18:29	60	Homes	Final C				
18:34	60	Mulleres	Final A				
18:35						Peso S12 Mulleres	
18:39	60	Mulleres	Final B				
18:44	60	Mulleres	Final C				
18:45							Pelota S10 H e M
18:49	50	Homes	Final				
18:50					Longitude S10 H e M		
18:54	50	Mulleres	Final				
19:05				Altura S12 Mulleres			
19:25	4x60	Homes	Final A				
19:30						Peso S12 Homes	
19:33	4x60	Homes	Final B				
19:41	4x60	Homes	Final C				
19:49	4x60	Mulleres	Final A				
19:57	4x60	Mulleres	Final B				
20:05	4x60	Mulleres	Final C				
20:13	4x50	Homes	Final				
20:21	4x50	Mulleres	Final				



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

Art.15).- O sistema de puntuación por proba establecerase por postos, atendendo ao seguinte:

1º=N; 2º=N-1; 3º=N-2... etc., sendo N o número de clubs participantes.
En caso de empate repartiranse os puntos entre os clubs implicados.

Aqueles atletas ou equipos que non obteñan una marca válida na súa proba ou sexan descualificados non puntuarán.

Aqueles clubs que non acaden 7 participacións, non tomarán parte da clasificación final. En dito caso, non se alterarán as puntuacións obtidas polos restantes clubs.

Proclamarase campión o Club que obteña maior cantidade de puntos.

En caso de empate a puntos na clasificación final, resolverase en favor do club que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, en favor do que obteña máis segundos postos e así sucesivamente.

Art.16).- Habrá trofeo para os tres primeiros clasificados, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de entrega dos mesmos.

Art.17).- Establécense as seguintes recargas e penalizacións:

- Aqueles clubs que, logo do prazo de reclamacións e renuncias, comuniquen a súa baixa ou non participen da competición, terán unha penalización de 50€ por equipo.

Art.18).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo ás normas da FGA, RFEA e World Athletics.

A Coruña, a 25 de setembro de 2026

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Comisión Xestora da Federación Galega de Atletismo